


NON TE PERDAS!

ESCOLLE TECNOLOXÍA EN 4º

ESO



A tecnoloxía en 4º ESO é unha materia:

- **Troncal de opción** para alumnado que escolla o **itinerario de ensinanzas aplicadas** .
(principalmente alumnado que queira facer un ciclo medio de FP)



- **Optativa** para alumnado que escolla **itinerario de ensinanzas académicas** (xeralmente alumnado que queira facer bacharelato)



Sexa cal sexa o teu itinerario, en calquera caso nós **recomendamos** escoller a tecnoloxía como materia en 4º ESO ao alumnado coas seguintes afinidades:

- **Alumnado que desexe facer unha FP de carácter técnico** (familias de edificación-construcción, electricidade e electrónica, fabricación, fontanería, enerxía e auga, instalacións, metal, informática e comunicacións, mantemento industrial, madeira e moble, transporte e mantemento de vehículos)



- **Alumnado que desexe facer un bacharelato técnico-científico e con vistas a cursar unha carreira universitaria no eido da enxeñería, deseño, arquitectura, materiais, informática...**



O PERFIL DO ALUMNADO DE TECNOLOXÍA

Alumnado inquieto, curioso, que lle gusta montar e desmontar cousas, creativo, que lle apetece crear, inventar, reparar e entender como funcionan as ferramentas, máquinas e aparatos tecnolóxicos, en definitiva, que non ten medo a meterse nun taller e fedellar. En definitiva, que non lle chega con seguir unhas instrucións

Qué se estuda en 4º ESO:

- Continuamos coa electricidade e iniciamos o estudo da electrónica
- Coñecemos en profundidade as instalacións domésticas e a xeración e transporte de enerxía
- Estudamos o mundo das telecomunicacións
- Iniciámonos no mundo da robótica, sensores e actuadores
- Iniciámonos no coñecemento de sistemas hidráulicos e neumáticos, importantísimos no mundo da industria



Cómo seguir en FP

Unha vez acadado o título de ESO abrense as portas a todo un universo de estudos profesionais técnicos, no que os contidos dados en tecnoloxía de

4º ESO aportan unha base sólida e facilitan a transición entre os estudos.


Cómo seguir en Bacharelato:

Para alumnado con afinidade pola técnica recomendamos escoller **Tecnoloxía Industrial** en Bacharelato polo amplo rango de saberes que comprende, moi útiles para futuros estudos de enxeñería e arquitectura. Ademais pódese complementar coas materias de **Robótica*** ou **Impresión 3^D*** ofertadas no instituto (* en función da demanda, usualmente é necesario 5 ou máis alumnos para impartilas)



En bacharelato, en función das preferencias do alumnado poderíase completar con Física (sempre recomendable), Química (enxeñería química), Debuxo Técnico (enxeñería industrial, arquitectura ou deseño, civil, camiños) ou Informática e robótica (enxeñerías informáticas, industrial, aeroespacial , mecánica)

Como xa se comentou, o centro tamén oferta a materia propia : impresión e modelado 3D para alumnado con inquietudes creativas.



ASÍ QUE NON O ESQUEZAS!!

**A tecnoloxía en 4º de ESO pode abrirche un
apaixoante futuro nos estudos relacionados
coas profesións do futuro.**